

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE MARZO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezaseis de marzo de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as asistentes da Resolución do 20 de febreiro de 2026 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a convocatoria

para o ano 2026 (DOG núm. 46, do 10/03/26). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para poñer en valor o noso patrimonio natural e cultural a través da creación dunha ruta de sendeirismo, conservando e potenciando o seu valor cultural histórico.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia unha subvención por importe de VINTE E NOVE MIL OITOCENTOS DEZASETE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (29.817,45 €) para levar a cabo a actuación denominada “*Creación de ruta de sendeirismo en Asperelo*”.

Segundo.- Aprobar a memoria técnica valorada asinada, con data 29/02/24, polo arqueólogo Don Sergio Sánchez García.

Terceiro.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na resolución da convocatoria.

Cuarto.- Acreditar a dispoñibilidade por parte do Concello sobre os terreos e inmobles nos que se vai desenvolver a actuación.

Quinto.- Comprometerse a financiar o importe da actuación que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Sexto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

3.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA SEMANA SANTA 2026” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia Semana Santa 2026*”, que se desenvolverá os días 30 e 31 de marzo e 1 e 6 de abril do corrente. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante

o período non lectivo de Semana Santa. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A actividade desenvolverase os días 30 e 31 de marzo e 1 e 6 de abril de 2026.
- ✓ A actividade dirixese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de Rodeiro e con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 09:00 h. a 14:00 h. na primeira planta da antiga Cámara Agraria de Rodeiro.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando as datas nas que acudirá. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente no programa Concilia só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade Concilia Semana Santa 2026 establécese entre os días 20 e 27 de marzo de 2026 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres, poderanse inscribir ata completar as prazas existentes crianzas tanto empadroadas como non empadroadas no Concello.
- ✓ Fíxase un máximo de 20 prazas por cada día de actividade.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero e de outras formas de violencia contra a muller, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos, en situación de desemprego de longa duración ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenados de menor a maior renda.
- ✓ O prezo da actividade establécese en base á Ordenanza en vigor de servizos e actividades educativas. Deberase presentar xustificante do pago da actividade antes do inicio da mesma como requisito para poder acudir ao programa.

4.- ALTA DE USUARIA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2025-2026

VISTA a instancia presentada por Dona Belén Fernández González, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Arcas, parroquia de Guillar (RE núm. 220, do 06/03/26), pola que solicita a alta da súa filla Martina Payo Fernández

como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025-2026, en xornada completa de mañá e tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 13/03/26, pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes na quenda solicitada, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda proceder á alta, como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025-2026, da menor MARTINA PAYO FERNÁNDEZ, en xornada completa, con data de efectos do día 6 de abril do corrente.

5.- MODIFICACIÓN PARCIAL DO ACORDO DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 25 de febreiro do corrente, autorizouse a adhesión do Concello de Rodeiro ao CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DA IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS, co contido íntegro que se consignaba no Anexo do dito acordo.

A Deputación de Pontevedra, en comunicación de data 11 de marzo do corrente (RE-E núm. 167, do 12/03/26), solicita a aprobación da modificación da cláusula décima do convenio para corrixir un erro material identificado na documentación inicialmente achegada.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar, de conformidade do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte modificación na redacción da cláusula décima do texto do Convenio ao que o Concello se adheriu en virtude do acordo anteriormente sinalado:

Onde di:

"Décima. Vixencia, duración e prórroga do convenio

Este convenio terá unha vixencia con efectos desde a data 22 de febreiro de 2026 ata a finalización do contrato de subministro "implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos" con nº de expediente 2025064680, podendo prorrogarse ata un máximo de 5 anos de conformidade co disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público."

Debe dicir:

"Décima. Vixencia, duración e prórroga do convenio

Este convenio terá unha vixencia de 4 anos a contar dende a data da súa sinatura, podendo prorrogarse ata un máximo de 4 anos máis de conformidade co disposto no artigo 49 h) 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público."

6.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

Vista a solicitude presentada por Conejos Gallegos COGAL, S. Coop. Galega, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Álceme (RE-E núm. 163, do 12/03/26) pola que insta a cancelación e devolución da fianza constituída no seu día en relación a determinada licenza urbanística outorgada dentro da delimitación do Proxecto de Urbanización do S.UR.ND.I-1, en garantía da obrigaçión de asegurar a execución simultánea da urbanización e das instalacións, de conformidade co previsto no artigo 28.1 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que as obras do Proxecto de Urbanización xa foron recibidas e transcorreu o prazo de garantía das mesmas, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as presentes, acorda autorizar a cancelación e devolución á solicitante da seguinte fianza:

- ✓ Aval bancario da entidade financeira Abanca Corporación Bancaria S.A., por importe de TRESCENTOS SETENTA E UN EUROS CON

SETENTA CÉNTIMOS (371,70 €), estendido en data 14 de marzo de 2022 (registro núm. ████████).

7.- DESIGNACIÓN DE TRIBUNAIS CUALIFICADORES DE PROCESOS SELECTIVOS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO FINANCIADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)

De conformidade co establecido nas Bases quinta das dos procesos selectivos, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 4 de marzo do corrente, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros do Tribunais Cualificadores dos procesos selectivos para a contratación laboral temporal de postos de traballo financiados pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026 (Liña3), ás seguintes persoas:

Tribunal I (posto de traballo de auxiliar administrativo/a)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Alfonso Doval Cidre, técnico informático.

José Carballo Suárez, administrativo-encargado do CCM.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

Tribunal II (posto de traballo de traballador/a social)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: M^a Lara Hermida Fernández, traballadora social.

Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

Tribunal III (postos de traballo de peón/a de servizos diversos)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Francisco Lorenzo Eiriz, peón de servizos diversos.
José Antonio Arias Deza, operario de servizos diversos.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- XUNTA DE GALICIA 340,46 €
Por publicación de anuncio oficial no Diario Oficial de Galicia (DOG), s/liquidación.
- FERRODEIRO S.L. 1.282,60 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. VG/26-000368.
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 1.517,55 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202619900020002490 (FACe).
- UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. 1.789,42 €
Por traballos de reforzo e conexión de liña eléctrica no pavillón polideportivo, s/solicitud núm. EXP638125110028.
- BCR DEZA ENXENEIROS S.L. 2.032,80 €
Honorarios por medición topográfica e estudio xeotécnico para proxecto de vestiarios da pista de pádel, s/factura núm. 26017 (FACe).
- LIMPIEZAS CARMENVASA S.L. 1.687,95 €
Por servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais durante a baixa por IT do persoal municipal, s/factura núm. 26/257 (FACe).

- MAIS ESCOLA S.L. 950,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Envellecemento Activo*” na segunda quincena do mes de febreiro de 2, s/factura núm. 47 (FACe).
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 75,63 €
Por traballos de mantemento de puntos de alumeado no lugar de Rodeiro, s/factura núm. 3/2026.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 32,09 € E 41,21 €
Por traballos de reparación e mantemento de vehículos e maquinaria municipal, s/facturas núm. T/2.026/429 e T/2.026/431.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 74,81 € E 76,12 €
Por subministro de combustible a maquinaria municipal no mes de febreiro de 2026, s/factura núm. FA – 219 e FA – 220.
- ALQUILERES LALÍN S.L. 274,67 €
Por aluguer de rodillo de compactación para obras municipais, s/factura núm. 26/204.
- FERRODEIRO S.L. 771,82 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. VG/26-000350.
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 726,00 €
Por reparación de avaría na rede municipal de abastecemento de auga, s/factura núm. FV/00000717 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 823,51 € E 339,47 €
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/facturas núm. 20261145 e 20261156 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 489,03 €
Por traballos de reparación do camión de recollida do lixo, s/factura núm. T/2.026/430.

- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.096,05 €
Por subministro de combustible ao camión de recollida do lixo no mes de febreiro de 2026, s/factura núm. FA – 218.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 7.105,98 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de xaneiro de 2026, s/factura núm. 2026/0127 (FACe).
- PENELA S.C. 100,00 € E 75,00 €
Por canxe de vales de premiadas no III Concurso de fotografía “A muller rural: de onte e do hoxe”, s/facturas núm. 1 e 6.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 2.541,00 €
Por transporte de material para mantemento de estradas, s/factura núm. 5/2026.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)